

Decembro 2017

A CIG-Ensino demanda a mellora dos recoñecementos médicos e unha avaliación de riscos dos centros de traballo docentes

Na reunión do Comité Intercentros de Saúde Laboral, a central sindical denunciou que a vixilancia da saúde non pode ocasionarlles custes económicos nin de tempo aos traballadores e traballadoras do ensino. Tamén lle esixiu á administración que elabore un catálogo coas enfermidades profesionais que lle afectan a este colectivo que, até agora, unicamente ten recoñecida a afectación das cordas vocais.



á saúde non debe recaer nos traballadores nin traballadoras polo que, no caso de que estes se teñan que desprazar, a Xunta debería abonarlles os custos derivados desta circunstancia. En concreto, insistiu na denuncia que presentamos no seu día con respecto ás **mulleres que teñen que desprazarse até unha cidade**, nalgún caso máis de 100 quilómetros de distancia, **para realizar as revisións xinecolóxicas correspondentes**. De momento non recibimos ningunha solución por parte da Consellaría ao respecto, nin para este curso nin de cara a próximos anos.

A CIG-Ensino vén de reclamar na reunión do Comité Intercentros de Saúde Laboral (máximo órgano nesta cuestión de representación paritaria entre sindicatos e administración) que se melloren e amplíen os recoñecementos médicos do persoal docente. En concreto volveu incidir en que este servizo debería ser prestado pola **sani-**

dade pública e, como moito, a nivel comarcal para non repercutirle ao persoal ningún custe, nin temporal nin económico.

Neste sentido, o representante da central nacionalista neste órgano lembrou que a *Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais* establece que calquera medida relativa á seguridade e

En canto a incluír melloras na campaña de vixilancia da seguridade e da saúde laboral deste colectivo, a CIG-Ensino propuxo realizar un **estudo**

exhaustivo nos talleres nos que se imparten ciclos de Formación Profesional, así como unha **avaliación de riscos dos centros de traballo pertencentes á Consellaría de Educación**. Neste último punto é importante sobre todo ter en conta calquera **risco específico que poida afectarlle ao embarazo**, ben por circunstancias inherentes ao centro de traballo (laboratorios, talleres...) como polos labores propiamente ditos do posto laboral (manipulación de residuos ou de maquinaria perigosa, uso de gases, pinturas ou outros elementos tóxicos, inhalación de po...)

Ambos estudos deberían marcar a política de prevención para este colectivo de cara ao próximo ano, sobre todo co fin de poñer a disposición do profesorado as **medidas de protección necesarias** para eliminar ou minimizar os riscos profesionais deste sector.

Enfermidades profesionais

Por outra banda, o representante do sindicato maioritario do ensino público volveu reclamar a elaboración dun catálogo de enfermidades profesionais do profesorado. Segundo o *Real Decreto 1299/2006* a única doenza que temos recoñecida como propia do noso sector son os nódulos nas cordas vocais.

Porén, existen moitas outras enfermidades que, a pesares da súa grande incidencia entre o colectivo ensinante, non están incluídas nin recoñecidas dentro do cadro específico: enfermidades derivadas de **riscos ergonómicos** debido á inadecuación de mobiliario ou a posturas forzadas e, sobre todo, **riscos psicosociais** relacionados con situacións de violencia física e psicolóxica por parte de alumnos/as, pais e nais, síndrome de burnout, insatisfacción, carga excesiva de traballo como resultado dunha mala or-

ganización do traballo, **enfermidades endocrinas, mentais, cardiovasculares, gastrointestinais e respiratorias**, entre outras moitas.

Desde a CIG-Ensino porfiámos en que é necesario abordar o estudo destas últimas doenzas para instar ao seu recoñecemento como enfermidades profesionais, aos efectos legais, dos e das docentes.



Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baioxminho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal